

## **NOTA DE PRENSA**

# **Máis de 50 psicólogos/as rematan a súa formación específica en Psicoloxía Sanitaria en Galicia**

---

*Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2013.-* Un total de 57 psicólogos e psicólogas remataron o curso “Formación en Psicoloxía Sanitaria”, que ofrece o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que consta con 400 horas de docencia teórica e práctica.

Desde outubro de 2012 viñéronse impartindo as sesións, que nun principio estaban destinadas para ofrecer a 15 colexiados/as pero que finalmente, e debido á elevada demanda existente, cursaron 57 colexiados/as distribuídos en catro grupos de formación.

Durante os oito meses de duración deste curso traballáronse as destrezas básicas para o exercicio da profesión, dentro dos campos da psicopatoloxía, da avaliación psicolóxica, das psicoterapias, da psicoloxía da saúde e da psicofarmacoloxía. Ademais, tratáronse cuestións éticas e legais en relación co exercicio da psicoloxía, e tamén se estimulou un pensamento crítico entre o alumnado a partir do coñecemento e da reflexión sobre o contido tratado.

### **Sistema pioneiro**

O curso “Formación en Psicoloxía Sanitaria” tivo un total de 60 sesións presenciais e máis de 1.000 horas de traballo a distancia, sendo pioneiro dentro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na utilización de sistemas pechados de vídeo para as prácticas e na utilización dunha plataforma de formación on-line (<http://copgalicia.eu>) para a transmisión de información, a realización de titorías e para coordinar o traballo a distancia.

Foron un total de 400 horas de formación a cada grupo, tanto de teoría como de práctica, impartidas por sete docentes da especialidade da psicoloxía clínica e con experiencia nos diferentes campos a tratar. A parte teórica constou de 300 horas, que incluíron clases presenciais, múltiples traballos a distancia, test de avaliación e titorías. As 100 horas prácticas consistiron na simulación de casos clínicos, nas que outros/as psicólogos/as colexiados/as facían de actores e actrices e simulaban ter un problema susceptible de ser tratado nunha consulta de psicoloxía. Mentres que un/unha alumno/a trataba o caso, o resto dos/as compañeiros/as podían ver o que transcorría na entrevista a través dun sistema pechado de vídeo e debater sobre as diferentes intervencións aplicadas na entrevista terapéutica.

O curso, segundo as avaliacións que fixo o propio alumnado, tivo unha moi boa acollida, cualificando o temario desenvolvido, a metodoloxía empregada, o labor organizativo, os contidos e os docentes dunha forma moi positiva.

**Saúdos,**

Se desexan solicitar **entrevistas** para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
881 973 708 / 686 994 089  
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)